



BOLSAS DE FORMACIÓN DE PERSOAS EXPERTAS EN COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO

Orde do 20 de marzo de 2026 (DOG do 01.04.2026)

AVALIACIÓN DEFINITIVA DOS MÉRITOS

En cumprimento do disposto na base décima, apartado terceiro, da Orde do 20 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento PR809A), rematado o prazo de dez días hábiles para a realización de consultas e reclamacións sobre a listaxe provisional e resoltas estas, e polo tanto, unha vez finalizado o proceso de avaliación dos méritos das persoas solicitantes, a comisión de valoración, fai pública na páxina web <https://cooperacion.xunta.gal/> a listaxe definitiva coa puntuación obtida na primeira fase e a convocatoria das persoas aspirantes a unha entrevista persoal.

Como anexos publícanse os seguintes:

ANEXO I: Listaxe das puntuacións definitivas das persoas aspirantes na fase de avaliación dos méritos (por orde de puntuación).

ANEXO II: Data, hora e lugar de celebración da entrevista persoal ás persoas aspirantes.

ANEXO III: Criterios específicos a avaliar na entrevista.

As entrevistas realizaranse o VENRES, 12 de xuño de 2026.

Aquelas persoas candidatas que non se presenten á entrevista perderán o seu dereito á bolsa.